

# A MEMORIA DOS ANOS PERDIDOS



## Un recordo da Guerra Civil

↓ Tania Cascudo Loza

*Esta é a hestoria d'un mozo al qu'a Guerra Civil española ye roubóu cuatro anos da súa mocedad. É úa hestoria máis das del sinsentido d'úa guerra fratricida que rompéu familias y soños y que sumíu a todo el país núa fonda crisis. Santiago Pérez abandonóu a súa vida, escondéuse pra fuxir d'úa luita que nun comprendía. Foi testigo das miserias d'úa guerra que perdémos todos. Úa hestoria pra nun esqueicer, pra volver a dignidá dos presos da nosa guerra.*

«**E**scóndete, fiyo, qu'esto nun pode durar muito. Escóndete, xa verás como axina s'acaba». Esto era lo que ye dicía Consuelo al fiyo pra que fuxira. Santiago, de 22 anos, tía medo como tantos outros naquel terrible 1936 y, seguindo el sou instinto y as recomendacións da madre, fuxíu al monte. «Dicíanme que nun iba durar muito, qu'el levantamento acabaría axina, pero vaya se duróu...».

El 18 de xulio sublevábase en África el xeneral Franco. A Meseta Castellana, Navarra, Zaragoza, parte del resto d'Aragón y Andalucía cayían rápidamente en maos dos sublevaos, mentramentes as grandes cidades resistían col goberno republicano del Frente Popular. Franco y Mola eran a España lo qu'el Coronel Aranda y Pinilla a Asturias. El 19 de xulio pronunciábase Aranda en Uviéu, apoyao por 3.000

efectivos del exército regular, guardia civil y guardia d'asalto, ademáis de coa gabita de voluntarios falanxistas y das deretas; d'este xeito conseguía ferse col único punto dos «nacionales» en Asturias, a capital, á que lougho, col apoio das columnas galegas, iba unirse a zona del occidente asturiano. Pola súa parte Pinilla tentóu, sin éxito, fer lo mesmo en Xixón.

### Vidas paralelas

Condo todo esto pasaba, mentramentes España se perdía na mayor catástrofe da súa hestoria, mentres el país entero se descompoñía y cayía nun gran vacío de poder, as súas xentes tentaban de comprender lo incomprendible. Nos poblos, a xente taba morta de medo, ouguindo rumores y esperando, esperando sin

## SANTIAGO

El home das bromas, ás veces das bromas pesadas. El contador d'hestorias. El amigo pra todo y pra todos. El compañeiro da eterna sonrisa. El trabayador incansable. Nacéu nel outono de 1914 y foi labrador como xa lo foran sous padres. Casóuse coa moza de sempre, con Martina, a muyer que lo esperóu cuatro largos anos. Tuvo úa búa vida y luitóu por sacar adelante al sou fiyo. Morréu a os 85 anos y foise mentramentes durmía, sin qu'el tempo ye quitara a súa sonrisa. Morréu sin dolor, ésa foi a súa recompensa. Martina, a muyer que sempre foi a súa sombra, a muyer que vivía mentres el sou home vivira, siguiúlo tamén a undequera que se fora. Morréu semanas despós. Únha guerra podía separalos; a morte xa era demasioo castigo.

saber mui ben qué era lo que taba pasando ou lo que taba por chegar. Ún d'esos sitios era Tapia y úa d'esas personas confundidas era Santiago Pérez, natural de Casarego, un lugar del conceyo tapiego.

«Coyémos úas tortiyas y fómonos pral monte qu'había cerca da mía casa. Leandro tía muito medo y dicía que durmise eu, que xa velaba él; lougo cambiamos el turno y durmimos os dous. Agora ríome, pero era mui serio...». Santiago, que nun fixera el servicio militar por escedente de cupo na súa promoción, escondéuse col sou vecín y amigo Leandro del Galego. Xa taba el sou nome na lista dos cha-maos a filas que puxeran nel Ayuntamiento condo tomóu a que se convertiría na decisión máis importante da súa vida.

Despós da primeira noite nel monte, foron vindo muitas máis escondidos nos meizales de cerca, pasando calor —el qu'había aquel mes d'agosto del 36—, aburridos, cuase sin falar, cuase sin vivir. Oito días duróu el aventura en compañía pra Santiago, porque Leandro, presionao polos padres y pola moza, rindiúse y marchóu prá guerra da que nunca máis iba volver.

A partir d'aquí empezaba el camín en solitario d'aquel mozo asturiano, que nada sabía de política, nin de guerras y que fuxíu por medo á morte. A familia de sou ermao Marcelo ocupábase d'él, levábanye de comer y noticias del mundo, da súa xente, da súa moza coa que s'escribía largas cartas. ¿Qué nun se dirían naquelos primeiros meses da guerra civil? ¿Cóntas palabras escritas que lougo cayeron esqueicidas? Palabras d'amor pra sobrevivir a úa guerra.

## Escondido na súa casa

Peró el meiz cai como todo cayía naquela España en guerra, y en outubro el escondite de Santiago desaparecéu. Despós de tres meses polos meizales, a familia de sou ermao escondéulo nel desván da casa. Alí tuvo outros dous ou tres meses hasta qu'un bon día ye pidiron que se fose. «Ás cuatro da mañá ouguíronse mui claríos us tiros. Nun podedes saber cómo sonan os disparos nel silencio da noite. Inda se me poin os pelos de punta. Al outro día meu ermao contóume que mataran oito presos aquí al lao. Foron os primeiros mortos, era xente de fora, pero traíanlos a morir aquí pra meter pánico á xente. Era el único que sabían fer... Meu ermao díxome que nun podía seguir escondéndome, que tía medo pola súa familia y eu entendínlo y marchéi tranquilo».

Foise entoncias pra unde menos y, al tempo, máis seguro taba: prá súa propia casa. Santiago sempre fora mui artimañeiro y nun tuvo máis remedio que demostralo pra salvar el peleyo. Amañóu dous escondites na súa propia casa unde nun lo atoparon ningúa das muitas veces qu'os falanxistas, conocidos da zona, pasaran a buscalo. El primeiro foi na corte das vacas, nel tarrén unde durmían os animales: alí fixo un furaco, cubríulo con úa trapela y tapóulo con



Santiago con súa muyer Martina y el fiyo José Antonio.

herba seca y con cuito. El segundo amañóulo núa das paredes da casa, aprotetando el ruido que fía súa ermá al coser coa máquina pra cavar y retirar as pedras. Y nun lo habían a atopar nunca... se nun fora que s'entregóu.

En setembre de 1937 empeza a campaña d'Asturias na qu'os militares sublevoos deron el golpe definitivo á dura resistencia del norte astur. A derrota d'Euskadi en xulio y a de Santander en agosto fain decayar el ánimo y as forzas dos republicanos asturianos. Nada poderon fer escontra 110.000 «nacionales» apoyaos polos bombardeos dos



*Santiago de festa. Á esquerda, sou ermao Nicasio. Á dereta, sou concuñado Isidro.*

alemáis da Lexón Cóndor. El 21 d'outubre cai Xixón, despós de quince longos meses de resistencia. É el empezo da brutal persecución dos republicanos asturianos qu'encheron cárceles y campos de concentración, y qu'engrosaron as listas dos asesinaos durante a guerra.

Lonxe de toda esta barbaridá vivía Santiago, enterra na súa propia casa, de costas al mundo, incluso de costas á súa familia, á que tía que ver como a través d'un cristal, tendo que soportar as desgracias sin poder fer nada, como el día que morréu súa madre: «Eu taba na casa y a probe cayéu na corrada. Nun puiden fer nada, sólo avisar a meu padre. Taba alí delante y nun puiden axudala...».

## Empeza el viaxe

Resistíu ano y medio, hasta qu'un bon día veron buscalo y xa nun puido aguantar máis. Taban molestando y interrogando a sou padre y farto de soportar aquilo salíu del sou escondite ante el pasmo dos guardas civiles que taban convencidos de que nun s'atopaba na casa. «Nese momento xa nun tía medo pola mía vida: tamos falando de xulio del 39, xa acabara a guerra... Però se me pañan nel 37, ¡probe de min! Leváronme prá cárcel de Tapia y despós pral Campo d'Arnao».

El campo de concentración das Figueiras, cerca da praya d'Arnao, taba nel conceyo vecín de Castropol,

y era ún dos oito campos qu'había por aquel entoncias en Asturias. Y nél había acabar a tortura pra Santiago se nun chega a ser pola mala ralea dos guardas qu'en vez de rexistralo como *presentao*, fixéronlo como *capturao*. Ese pequeno matiz provocóu que nun ye desen a libertá y que lo trasladasen. Primeiro al Campo de La Vidriera en Avilés, lougo al de Miranda d'Ebro en Burgos, ún dos máis grandes del país, hasta que por último destináronlo a un campo de trabayo qu'había en Peñaranda de Bracamonte, en Salamanca. «Alí tuvemos fendo casas baratas que supoño que xa caerían todas —comenta entre risas—, y sobre todo pasando lamar de frío. Durmíamos en barracóis tapaos con mantas y polas mañas, condo t'erguías y quitabas os cobertores, quedaban tesos, xelaos...».

En total, once meses de pelegrinaxe por España, hasta qu'un bon día, sin motivo algún, deixáronye irse. En xunio de 1940 Santiago volve por fin prá súa casa, prá súa vida, aunque inda ye quedaban us meses pra volver a ser libre. «Primeiro tía qu'ir al cuartel todos os días, lougo cada oito días y despós cada mes. Al final, meu padre falóu con un guardia y libráronme de fichar».

## Recuperando a dignidá perdida

El Asociación prá Recuperación da Memoria Hestórica é úa das organizacióis que trabaya na bús-



## EL CAMPO D'ARNAO

Hoi mui poucos s'acordan y outros mui-tos luitan por esqueicelo, pero hai menos d'un siglo, unde hoi hai un parque, un aeródromo y, paradóxicamente, un campo de tiro, houbo un campo de concentración. Unde hoi hai risas houbo lamar de tristeza. Sólo úa placa, rota pol rencor, nun pode, nin ha poder nunca, recoyer el sufrimento que padeceron centos de personas que malviviron alí pechaos, nin por suposto poden fer nada polos sete presos que morreron nel campo de concentración das Figueiras; os sous nomes tán inscritos nel Rexistro Civil de Castropol. Ún d'elos, José Sala Prats, era d'Olot (Girona). Tía 17 anos aquel 10 de mayo del 1939 nel que perdéu a vida, a centos de kilómetros da súa casa. Nun hemos poder saber lo que de verdá pasóu, ou cómo morréu, pero lo que si podemos fer é recordar el sou nome, recordar qu'aquí, mui cerca de nosoutros, morréu xente inocente y, sobre todo, podemos evitar que feitos como éste se repitan.

El campo mantúvose operativo hasta el acabo da guerra y non solo aveiróu a combatentes senón tamén a muiyeres y nenos, separaos por úa alambrada. El campo dependía da columna d'operacións d'Asturias y el cupo oficial de presos era de 900, divididos en tres barracóis con capacidá pra 300 presos en cada ún. Según algús testimonios el trato a os presos era diferente según a súa procedencia: pr'algús el estancia foi tranquila y pasaban os días sin fer nada, mentramentes qu'outros eran explotaos y trabayaban recoyendo pedras nel mar pra fer pistas. El 5 de setembre de 1939 firmóuse el orden de pechalo, pasando el sou personal, presos y materiales al de La Vidriera en Avilés. Así y todo, mantúvose operativo hasta marzo de 1942 porque a partir de 1940 pasóu a ser campo gubernativo y acoyéu presos comúis.


El conceyo de Castropol nun dispón hoi d'informes nin d'estudios sobre el campo, nin tampouco parece qu'esista ningúa intención de telos. El tempo ha acabar por enterrar a memoria dos que nestas terras sufriron a inxusticia y a barbarie y, se naide fai nada por evitalo, as xeneracións que tán por vir nun han ter noticias de que durante anos a libértá tuvo secuestrada al lao das súas casas.




TANIA GASQUEDO

Úa vista actual del Campo d'Arnao, nas Figueiras (Castropol).

queda dos restos dos fusilaos na guerra civil. El sou obxectivo, «devolver a memoria y a dignidá» dos máis de 30.000 desaparecidos. Tampouco nun podemos esqueicer os que si volveron ás súas casas, os qu'inda guardan celergosos os sous secretos y a os que tamén temos que volver a súa dignidá. El historiador asturiano Marcelino Laruelo, reflexa nesta cita d'ún dos sous libros, *La libertad es un bien muy preciado*, lo que quizáis sintió Santiago y tantos outros como él. Recoye el sentir de toda esa xente que padecéu as vergonzas da guerra sin que lougo naide los recordase sólo porque as suas feridas de guerra nun tan á vista y permanecerán pra sempre nel fondo del sou corazón: «Nun foron pasiaos nin tampouco los levaron a un conseyo de guerra, nin los condenaron a ningúa pena de cárcel. A mayoría nun tuvieron nel frente, nin resultarían feridos. Así que lo d'elos nun foi nada. ¿Nun foi nada?».

Santiago vivió a súa vida y morréu hai us anos, y fíxolo sin que naide ye volvese enxamáis el honra perdida, sin que naide ye pidira perdón polos anos que ye roubaron. Nun era un home rencoroso, pero nunca esqueicéu lo que ye fixeron pasar a él y a os sous. Meses antias de morrer, Santiago contóunos a súa pequena gran aventura. Ha quedar rexistrada como antídoto contra el olvido. 



TANIA GASQUEDO